

## RÁBADE

### *Edicto*

O Pleno do Concello de Rábade na sesión de 13/07/09 acordou aprobar inicialmente a modificación do regulamento do servizo municipal de axuda no fogar e da ordenanza reguladora do prezo público derivado da prestación do servizo de axuda no fogar.

Dito acordo foi exposto ao público polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncio no BOP número 166, de data 21 de xullo de 2009, sen que durante este prazo se presentase reclamación algúnhia, polo que se entende definitivo o acordo inicialmente adoptado co texto que se transcribe a continuación.

Contra o referido acordo, que é firme en vía administrativa, pode interpoñerse no prazo de dous meses a partires da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que se establecen nas normas reguladoras de dita xurisdicción.

### REGULAMENTO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE RÁBADE (LUGO).

#### CAPITULO I.

##### ARTIGO 1º LEXISLACIÓN.

A Lei 4/1993, do 14 de abril, de Servizos Sociais (que será derogada unha vez que entre en vigor a Lei 13/2008, do 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia, o primeiro día do mes seguinte a súa publicación no B.O.E.), estableceu o sistema galego de servizos sociais como servizo público, orientado á prestación programada de servizos que posibiliten a mellora da calidade de vida e da participación das persoas, especialmente das que sufren carencias ou desatencións. Desta maneira desenvolvíase a previsión do artigo 27.23º do Estatuto de Autonomía para Galicia, cando establecía que corresponde ao poder galego a competencia exclusiva en materia de asistencia social. A dita Lei ordena o sistema en dous niveis de atención, primaria e especializada, correspondéndolle aos Concellos a creación e xestión dos servizos sociais de atención primaria, entre os que figura o servizo de axuda no fogar, sen prexuízo das funcións de coordinación e ordenación normativa, así como de homologación, rexistro e control de centros e servizos, competencias que residen na Xunta de Galicia.

Consonte co anterior, promulgouse o Decreto 240/1995, do 28 de xullo, polo que se regulan os servizos sociais de atención primaria, así como a Orde do 22 de xaneiro de 2009, que regula o servizo de axuda no fogar.

Esta ordenación normativa é coherente coa propia Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, que inscribe a prestación de servizos sociais dentro do ámbito de competencias propias dos

Concellos, competencia que exercerán nos termos que estableza a lexislación da comunidade autónoma.

Resulta necesario agora, unha vez aprobada a Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, así como a normativa estatal e galega que a desenvolve, establecer un novo marco regulador de carácter básico dos contidos, formas de prestación e aspectos procedimentais e organizativos do servizo de axuda no fogar, de maneira que, se establezan pautas de carácter xeral que aseguren un nivel equitativo de atención a todas as persoas que teñan limitada a súa autonomía persoal.

##### ARTIGO 2º.- OBXECTO.

1.- O presente regulamento ten por obxecto regular o funcionamento do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Rábade, sendo o ámbito de aplicación o territorio municipal de Rábade.

##### ARTIGO 3º.- DEFINICIÓN E OBXECTIVOS.

###### 1.- Definición.

O servizo de axuda no fogar ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, desde unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacionés en que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestruturación familiar.

###### 2.- Obxectivos.

Son obxectivos do servizo de axuda no fogar:

- Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.
- Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual.
- Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio.
- Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social.
- Previr situacionés de dependencia ou exclusión social.
- Retardar ou evitar a institucionalización.
- Reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social.

##### ARTIGO 4º.- CONTIDO DO SERVIZO.

De acordo coa valoración técnica realizada polos servizos sociais de atención primaria ou comunitarios, no marco do servizo de axuda no fogar poderán prestarse os seguintes tipos de atención:

- Servizos de carácter básico.

a) Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, tales como:

- Asistencia para levantarse e deitarse.
- Apoyo no coidado e hixiene persoal, así como para vestirse.
- Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.
- Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos.
- Apoyo para cambios posturais, mobilizacións, orientación espazo-temporal.
- Apoyo a persoas afectadas por problemas de incontinencia.

b) Atencións de carácter persoal na realización doutras actividades da vida diaria, tales como:

- Acompañamento fóra do fogar para acudir a consultas ou tratamentos.
  - Apoyo na realización de xestións necesarias ou urxentes.
- c) Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda, tales como:
- Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.
  - Compra de alimentos e outros produtos de uso común.

- Preparación dos alimentos.
- Lavado e coidado das prendas de vestir.
- Coidados básicos da vivenda.

Este tipo de atención poderá ser facilitado en parte, se é o caso, por programas específicos de lavandería ou alimentación a domicilio.

d) Atencións de carácter psicosocial e educativo:

Intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ao desenvolvimento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar.

2.- Servizos de carácter complementario.

a) Actividades de acompañamiento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.

b) Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimiento, teleasistencia e similares.

c) Adaptacións funcionais do fogar.

d) Servizo de podoloxía.

e) Servizo de fisioterapia.

3.- Outros servizos.

Poderán integrarse, ademais, dentro do servizo de axuda no fogar, determinadas atencións e actividades que se desenvolvan fóra do marco do domicilio da persoa usuaria, sempre que, de acordo coa prescripción técnica sobre o contido do servizo, incidan de maneira significativa na posibilidade de permanencia no fogar e na mellora da autonomía e a calidade de vida.

En todo caso as atencións prestadas terán un carácter de reforzo e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato, de maneira que se facilite e promova a súa autonomía.

En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo:

- A realización das actividades domésticas que non fosen incluídas no proxecto de intervención e no acordo de servizo e as que non sexan estrictamente necesarias para a atención directa do usuario.
- Actuacións que, polo seu carácter sanitario, deban en todo caso ser realizadas por persoal facultativo.
- Tarefas agrícolas ou de coidado de animais.
- Facer arranxos de certa complexidade na vivenda (pintar, barnizar, etc...)
- Prestación do servizo fóra das horas estipuladas para cada usuario.

#### ARTIGO 5º.- BENEFICIARIOS/AS.

1.- O servizo de axuda no fogar estará aberto a todas as persoas ou unidades de convivencia para as que, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu contorno inmediato, así como fogares con menores en que se observe necesidade dunha intervención de carácter socioeducativo. Tamén poderá dar unha resposta preventiva e socializadora a diversas situacións de familias en risco de exclusión social.

En todo caso darase prioridade no acceso ao servizo as persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia (Lei 39/2006, do 14 de decembro de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia).

2.- Acceso ao servizo de axuda no fogar polo sistema de libre concorrenza:

- Solicitantes que se atopen en situación de dependencia para a realización das actividades básicas da vida diaria, que viven sois e que carezan de familia no

termo municipal. A dependencia, ou incapacidade para a realización de tarefas e actividades básicas da vida diaria terá que ser determinada mediante informe médico.

- Solicitantes que se atopen en situación de dependencia para a realización das actividades básicas da vida diaria, que aínda convivindo con familiares en primeiro grao por afinidade e/ou consanguinidade, ou tendo estes familiares no termo municipal, non podan ser atendidos por estes debido a causas xustificadas (ter outras cargas familiares, ter máis de 65 anos, padecer algún tipo de minusvalía que menoscabe a súa autonomía persoal no coidado do solicitante, precaria situación económica, traballar fóra do domicilio, non ter capacidade suficiente para prestar todos ou parte dos coidados, precisar apoio na prestación dos coidados etc.). Estas causas deberán ser xustificadas mediante a documentación que lle será solicitada ou requirida polos servizos sociais de atención primaria ou comunitarios.

- Familias en risco de exclusión social, principalmente cando haxa menores que precisen atención.

- Suxertos ou familias que temporalmente se atopen nunha situación de incapacidade para a realización de actividades da vida diaria por enfermidade, accidente ... e que se atopen nalgunhas das situacions antes descritas.

- Todos/as os/as solicitantes que accedan por libre concorrencia deberán estar empadroados no termo municipal de Rábade.

- Será imprescindible dispor dunha vivenda, en calquera réxime de tenza que cumpra os requisitos mínimos de habitabilidade que posibiliten a prestación efectiva e en condicions dignas, do servizo.

#### **ARTIGO 6º.- DEREITOS DAS PERSOAS USUARIAS:**

As persoas usuarias do servizo, no marco dos dereitos que con carácter xeral se lle recoñecen na lexislación aplicable sobre servizos sociais e, se é o caso, sobre o procedemento administrativo común, terán dereito:

1. A seren tratadas co respecto debido á súa dignidade.

2. A recibiren unha atención adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración prescritas en cada caso.

3. A coñeceran a organización e o regulamento do servizo.

4. A coñeceran a situación do seu expediente.

5. Ao tratamento confidencial dos seus datos de acordo co disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

6. A recibiren información precisa e clara sobre as posibles modificacións sobrevidas durante a prestación efectiva do servizo.

7. A presentaren queixas e suxestións ao persoal coordinador do servizo cando expresaren reclamacións ou fixeren suxestións sobre a súa prestación efectiva.

#### **ARTIGO 7º.- DEBERES DAS PERSOAS USUARIAS:**

As persoas usuarias, no marco dos deberes que con carácter xeral se recollen no artigo 37 da Lei 4/1993, de Servizos Sociais, terán os seguintes deberes:

1. Cumprir coas condicions do servizo, facilitándolle a execución das tarefas ao persoal a cargo e poñendo á súa disposición, se é o caso, os medios materiais necesarios.

2. Colaborar, na medida das súas posibilidades, no desenvolvemento do servizo en función das súas capacidades e nos termos acordados en cada caso.

3. A facilitar e colaborar no seguimento e avaliación do servizo.

4. Respectar a dignidade persoal e profesional das persoas que presten o servizo, así como respectar os límites das súas obrigas laborais.

5. Informar dos cambios de calquera circunstancia que implique unha modificación na súa capacidade económica, así como de circunstancias relevantes de carácter persoal ou familiar que puidesen dar lugar á modificación, suspensión ou extinción na prestación do servizo.

6. Participar no pagamento do servizo nos termos que se estableza na súa norma reguladora.

7. A comunicar, en circunstancias ordinarias e previstas, con dez días de antelación, calquera ausencia temporal do domicilio que puidese impedir a prestación do servizo.

#### **ARTIGO 8º DEREITOS DA ENTIDADE PRESTADORA:**

- Acceso á vivenda onde se desenvolva o SAF polos profesionais que interveñen no servizo, co obxecto da avaliación, prestación e seguimento do mesmo.

- Requirir a documentación e información necesaria para o desenvolvemento do servizo.

- Realizar as actuacións de comprobación necesarias para o correcto desenvolvemento do servizo.

- Percibir o pagamento que lle corresponde ao usuario pola prestación do servizo.

#### **ARTIGO 9º- OBRIGAS DA ENTIDADE PRESTADORA.**

- Prestar o servizo de conformidade co Regulamento Municipal.

- Respectar o prezo do servizo estipulado na ordenanza municipal.

- Tratamento dos datos persoais dos usuarios de conformidade coa Lei 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

- Someterse ás inspeccións e ao réxime sancionador vixente en materia de servizos sociais.

- Dispoñer dun expediente individualizado de cada usuario, cos seus datos sociais e sanitarios.

- Ter a disposición dos usuarios un libro de reclamacións.

- Estar debidamente autorizada de conformidade co establecido no Decreto 143/2007 do 12 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e centros de servizos sociais.

#### ARTIGO 10º.- CAUSAS DE EXTINCIÓN E MODIFICACIÓN DO SERVIZO:

Son causas de extinción do servizo de axuda no fogar, as seguintes:

a) A renuncia da persoa usuaria.

b) O cambio de programa individual de atención ou do proxecto de intervención que implique un cambio de asignación de recurso e a súa incompatibilidade co servizo de axuda no fogar.

c) Traslado definitivo da súa residencia a outro concello.

d) Falecemento da persoa usuaria.

e) Incumprimento reiterado dos deberes e obrigas establecidas para as persoas usuarias na prestación do servizo.

f) A falta reiterada de pagamento do servizo.

g) Desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.

Ademais, con carácter xeral, a alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo, poderá dar lugar á modificación das condicións de prestación nas que fora concedido inicialmente. Os cambios de circunstancias, en calquera caso, deberán substancialse no expediente individual, mediante un novo informe social.

Cando se trate dun servizo público de axuda no fogar asignado a persoas en situación de dependencia na correspondente resolución de Programa Individual de Atención, consonte o establecido no Decreto 176/2007, do 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de

dependencia e do dereito ás prestacións do sistema na Comunidade Autónoma de Galicia, a incoación, por parte da entidade titular do servizo, dun expediente de extinción ou modificación das condicións de prestación do servizo deberá notificarse en todo caso ao órgano competente para ditar resolución de Programa Individual de Atención.

#### ARTIGO 11º.- CAUSAS DE SUSPENSIÓN TEMPORAL DO SERVIZO:

Son causa de suspensión temporal do servizo, logo de tramitación do correspondente expediente e informe razoado do persoal técnico coordinador do servizo, que deberá incorporarse ao expediente persoal, as que seguen:

1. Ausencia temporal do domicilio: Neste caso o servizo poderá suspenderse por un máximo de tres meses, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a súa ausencia.

2. Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo: Poderá suspenderse o servizo en tanto persista o cambio de circunstancias causante da suspensión, coa excepción das prazas vinculadas a undereito exercido dentro do sistema de autonomía e a atención á dependencia, suposto no que se estará ao disposto na correspondente normativa reguladora.

#### ARTIGO 12º.- EQUIPO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

O equipo de traballo será o que a continuación se define:

1.- Traballador/a social.- É o profesional a través do cal se canaliza a demanda co obxecto de que realice o estudo e seguimento de cada caso e informe do tipo ou tipos de servizos aplicables o mesmo. As súas función son:

- Responsabilidade e Coordinación do Servizo.

- Atención e recepción da demanda.

- Valoración do caso incluíndo a visita o domicilio.

- Formular propostas de concesión ou negación da prestación do S.A.F. ao órgano competente.

- Formular propostas de suspensión polos motivos que se enumeran nos artigos 10 e 11 deste regulamento.

- Definir os obxectivos, que irán plasmados nun proxecto de intervención que recollerá como mínimo a información contida no anexo II deste regulamento, e destinar os profesionais e/ou voluntarios necesarios.

- Dar a coñecer o servizo o usuario e acordar os compromisos das partes, que se recollerán no modelo de acordo de servizo deste regulamento.

- Manter reunións periódicas con usuarios e auxiliares de axuda no fogar para garantir o correcto funcionamento do servizo.

- Avaliación permanente e supervisión do servizo, como mínimo, cunha periodicidade de dous meses. Da supervisión realizada quedará constancia no correspondente expediente individual. Mediante esta supervisión revisarase e axustarase, se fose o caso, o contido das prestacións expresado no proxecto de intervención e no acordo de servizo.

2.- Auxiliar de axuda no fogar.- É o profesional que realiza tarefas de carácter asistencial e educativo en contacto directo co usuario do servizo, a súa familia e o seu contorno.

As súas funcións son:

A. Asistenciais, de atención persoal e doméstica.

B. De orientación en actividades da vida cotiá, favorecendo unha normalización no funcionamento do fogar.

C. Educativas, potenciando o protagonismo do usuario, non substituíndo en aquelas tarefas que poida realizar por si mesmo e facilitándolle as canles de comunicación co seu contorno.

D. De colaboración co traballador social na coordinación e avaliación do servizo.

- De colaboración co traballador/a social na coordinación e avaliación do servizo.

3.- Outros profesionais.

Educador/a familiar, animador/a sociocultural, etc.. profesionais que de algúñ xeito colaboren co servizo de axuda a domicilio, baixo as directrices do proxecto de intervención establecido en cada caso pola traballadora social, ou estipulados no PIA.

4.- Voluntariado.- Na prestación do servizo, ademais do persoal profesional, poderá colaborar persoal voluntario baixo a supervisión técnica dos servizos sociais de atención primaria ou comunitarios. En todo caso as tarefas que puideran desempeñar os voluntarios serán as de compañía, fomento de relación e comunicación e ocupación do tempo libre, tanto dentro como fóra do fogar, e outras que contribúan ao fomento da autoestima. Para estes efectos estarase ao previsto na lexislación en vigor sobre voluntariado.

## CAPITULO II.

### ARTIGO 13º.- MODALIDADE DE ACCESO AO SERVIZO.

O acceso ao servizo producirase a través dos servizos sociais de atención primaria ou comunitarios, de acordo coas seguintes modalidades:

1. O acceso ao servizo será directo para persoas que, tendo recoñecida a situación de dependencia, se lle asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de Programa Individual de Atención, consonte o establecido no Decreto 176/2007, do 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema na Comunidade Autónoma de Galicia, así como na Orde do 17 de decembro de 2007 pola que se establecen os criterios para a elaboración do programa individual de atención, fixación das intensidades de protección dos servizos, réxime de incompatibilidades das prestacións e xestión das prestacións económicas.

2. Para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, o acceso ao servizo, logo de prescripción técnica favorable dos servizos sociais de atención primaria ou comunitarios, resolverase en réxime de libre concorrenza de acordo cos criterios establecidos no apartado 5.2. do deste regulamento.

3. De igual maneira á expresada no punto anterior procederase nas situacóns en que a problemática principal estea relacionada con aspectos convivenciais e socioeducativos.

4. Nos supostos recollidos nos números 2 e 3 deste artigo empregarase un baremo en que, ademais dos posibles déficits de autonomía, se valoren factores de carácter persoal e sociofamiliar, o apoio social, a situación da vivenda e outros que dificulten obxectivamente a normalización social e a calidade de vida.

### ARTIGO 14º.- ORGANIZACIÓN E PROCEDEMEN- TO:

1.- O servizo de axuda no fogar estará integrado nos servizos sociais de atención primaria do concello e será coordinado pola traballadora social desta entidade local.

2.- No acceso directo ao servizo para persoas con dependencia valorada, a resolución relativa ao programa individualizado de atención terá a consideración de resolución de asignación e incorporación ao servizo.

3.- Nos supostos de acceso en libre concorrenza será preciso presentar unha solicitude dirixida ó Alcalde no Rrexistro Municipal do Concello, acompañada da seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI da persoa beneficiaria do servizo e das persoas que convivan no mesmo domicilio, de ser o caso.

- Fotocopia da tarxeta sanitaria do beneficiario.

- Certificado de empadroamento e convivencia.

- Certificado de ingresos de todos os membros da unidade familiar, nómina, certificados de pensións, xustificantes de percepción de alugueiros, ...

- Fotocopia da declaración da renda, ou de ser o caso, certificado negativo de facenda de todos os membros da unidade de convivencia maiores de idade.

- Certificado de minusvalía e/ou certificado do grado e nivel de dependencia, de ser o caso.

- Recibo do aluguer da vivenda, de ser o caso.

- Informe médico segundo modelo que se facilitará nas oficinas do Servizos Sociais do Concello, que acredite a carencia de autonomía persoal.

- Informe social emitido pola traballadora social do Concello, previa visita domiciliaria.

- Declaración xurada de non ter dereito a axuda no fogar por outra entidade ou organismo, e de ser o caso, documentación que acredite a súa denegación pola devandita entidade.

- Presentación de calquera outra documentación que sexa requirida.

En todo caso o tratamento da información contida nos expedientes realizarase de acordo coa normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

4.- O prazo de presentación de solicitudes permanecerá abierto todo o ano.

5.- Unha vez presentada a solicitude a tramitación será a seguinte:

- Informe-proposta de resolución do/a traballador/a social do Concello.

- Resolución de Alcaldía relativa á concesión ou non da prestación do servizo, quedando o usuario dado de alta no servizo, de ser o caso.

- Comunicación ao interesado da resolución adoptada especificando a intervención que proceda.

- O/a traballador/a social do Concello elaborará o plan de intervención no que se sinalarán os obxectivos, funcións e tarefas que hai que levar a cabo, así como o tempo de prestación, contribución económica do/a usuario/a ou gratuidade do servizo.

6.- De non existir praza no referido servizo, o solicitante quedará en lista de espera, ocupando o número de orde que lle corresponda, en función da puntuación acadada segundo os baremos que figuran neste regulamento.

No caso de igualdade de puntuación terán prioridade na lista de espera, en primeiro lugar, as persoas valoradas como gran dependente polo órgano de valoración competente da Xunta de Galicia, e despois as de

maior antigüidade na lista de espera. Se coincidirán en antigüidade, o/a traballador/a social do Concello priorizará aquela que segundo o informe motivado considere más oportuno.

7.- Este procedemento poderase acortar cando unha nova situación recibira carácter de urgente, polo cal se recibiría unha resposta inmediata a unha circunstancia excepcional de alto risco. A súa desaparición levará á extinción de carácter urgente do caso e pasará ó proceso ordinario de resolución de petición.

8.- Para o inicio da prestación do servizo será requisito previo asinar un acordo-contrato, a modo de compromiso de respecto ás normas do servizo, ás tarefas a desenvolver, horarios, días e contribución económica correspondente, ou gratuidade, se procede. O incumprimento deste acordo-contrato poderá ser causa de baixa do servizo.

#### 9.- Revisión do servizo.

Nos prazos ou datas que se especifiquen na resolución ou acordo de concesión do servizo, ou sempre que se produzcan circunstancias que varíen ás que deron motivo a dita concesión, o/a traballador/a social procederá a revisar os casos nos que se estea prestando o servizo, e se o considerase oportuno, poderá propoñer modificacóns na prestación do servizo mediante informe debidamente motivado. A variación do servizo realizarase mediante resolución ou acordo do órgano competente, debidamente motivado, previa audiencia do/s interesados/as. Non será necesario o trámite de audiencia nos casos en que as modificacóns coincidisen coas solicitadas polos propios interesados ou nos casos en que sexan necesarias modificacóns do servizo por razóns de urgencia, debidamente motivadas, sen prexuízo da notificación das resolucións ou acordos mediante as que se adopten as mencionadas modificacóns ós usuarios do servizo afectados.

10.- Así mesmo será revisable polo Concello a condición de beneficiario cando:

a) O interesado comunique que as circunstancias de feito e/ou de dereito que motivaron a concesión se modificaron.

b) Existen dúbidas razonables de que pudo haber modificación das circunstancias persoais, familiares, económicas ou doutra índole, non comunicadas polo interesado. Neste caso será preceptiva a audiencia ó interesado.

#### ARTIGO 15º.- INTENSIDADE NA PRESTACIÓN DO SERVIZO E HORARIOS.

A intensidade do servizo determinarase, con carácter xeral, en horas mensuais de atención, distribuídas en función das necesidades da persoa usuaria e do informe técnico expresado no artigo anterior:

1. A intensidade do servizo de axuda no fogar para as persoas atendidas no marco do sistema de autonomía

persoal e atención á dependencia estará predeterminada no seu programa individualizado de atención.

A súa aplicación horaria será flexible e conforme co proxecto de intervención, de maneira que, cando menos, se garanta a cobertura das necesidades de atención de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria. En todo caso os requirimentos de prestación do servizo en fin de semana deberán ter unha valoración favorable por parte da traballadora social de atención primaria.

2. Nos restantes casos a intensidade do servizo virá determinada na prescripción efectuada polos correspondentes servizos sociais de atención primaria ou comunitarios.

3. Os límites horarios da prestación do servizo serán as 8.00 horas da mañá e as 21.00 da tarde.

A oficina de atención ao público dende onde se trama todo o procedemento e se coordina o programa estará ubicada en dependencias municipais, cumplindo os requisitos de acceso e eliminación de barreiras esixidos na lexislación vixente. Os horarios de atención ao público na oficina base do programa será de 9.00 h. a 14.00 horas, de luns a venres.

#### **ARTIGO 16º PROTOCOLOS DE ACTUACIÓN.**

##### **1.- Para o inicio da prestación:**

- Identificación das persoas que deberán estar no domicilio do usuario no momento da visita do técnico responsable.

- Visita da traballadora social ao domicilio do usuario, estudo e valoración do caso.

- Elaboración do programa individualizado de atención, que deberá conter como mínimo: detección das necesidades; obxectivos que se pretenden acadar coa prestación do servizo; tarefas concretas a realizar pola auxiliar de axuda a domicilio ou outros profesionais; horario da prestación do servizo.

- Presentación ao usuario ou aos familiares no domicilio da auxiliar de axuda no fogar e das tarefas a realizar.

##### **2.- No caso de incidencias:**

- Visita da traballadora social ao domicilio do usuario.

- Estudo e valoración do caso.

- Elaboración do informe coas medidas adoptadas para a solución da incidencia.

##### **3.- Para a sustitución da auxiliar de axuda no fogar:**

- Tempo de preaviso de cambio aos usuarios, con indicación da causa do cambio/substitución e duración desta.

- Visita da traballadora social ao domicilio do usuario e presentación no domicilio da auxiliar de axuda no fogar e indicación das tarefas a realizar.

- 4.- En caso de queixa no libro de reclamacións.

- Facilitar unha copia da queixa ao usuario.

- Remitir orixinal ao servizo de inspección nas áreas de servizos comunitarios e inclusión social.

#### **CAPITULOIII.**

#### **PREZO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO.**

##### **ARTIGO 17º.- Custo do servizo.**

O prezo do servizo de axuda no fogar estará regulado pola "ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar de Rábade".

##### **ARTIGO 18º DETERMINACIÓN DA CAPACIDADE ECONÓMICA DAS PERSOAS USUARIAS.**

- 1. Para os efectos deste artigo considérase persoa usuaria aquela para a cal se solicite o servizo. No caso de intervención con familias, entenderase como persoa usuaria un dos membros adultos da unidade de convivencia responsables dos menores que formen parte dela.

- 2. A capacidade económica das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar calcularase en atención á súa renda e, se é o caso, ao seu patrimonio. Teranse en conta, ademais, as persoas convivientes economicamente dependentes, de acordo co establecido nos parágrafos seguintes.

- 3. A renda valorarase atendendo aos ingresos netos que se perciban, que comprenderán os rendementos de traballo, incluídas pensións e prestacións de previsión social, calquera que sexa o seu réxime; os rendementos de capital mobiliario e inmobiliario; os rendementos das actividades económicas e as ganancias e perdidas patrimoniais.

- 4. Para o cómputo do patrimonio estarase ao disposto na normativa fiscal en vigor sobre o patrimonio, entendéndose por tal o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexa titular a persoa usuaria do servizo, con dedución das cargas e gravames que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das que deba responder. Consideráranse exentos do cómputo a vivenda habitual en que se preste o servizo e os bens e dereitos cualificados como exentos na normativa aplicable sobre o imposto do patrimonio.

- Nos supostos de cotitularidade, só se terá en consideración a porcentaxe correspondente á propiedade do beneficiario.

- 5. No caso de que a persoa usuaria tivese só ou parella de feito, as rendas de ambos os dous terán a consideración de rendas computables, entendéndose neste caso por renda persoal a metade da suma dos ingresos de ambos os dous membros da parella.

6. A capacidade económica por razón de renda determinarase dividindo a renda ou rendas computables, de acordo co número anterior, entre a suma dos seguintes conviventes: O perceptor ou perceptores de rendas computadas e, se é o caso, o cónxuge e os ascendentes ou fillos/as menores de 25 anos, ou maiores desta idade en situación de discapacidade, que dependesen economicamente dos citados perceptores.

7. A capacidade económica resultante será a correspondente á renda da persoa usuaria, calculada de acordo cos números anteriores, modificada á alza, se fose o caso, pola suma dun 5% do valor do patrimonio neto que supere o mínimo exento para a realización da declaración do imposto sobre o patrimonio en vigor a partir dos 65 anos de idade, dun 3% dos 35 aos 65 anos e dun 1% os menores de 35 anos.

8. Para o cómputo da renda ou do patrimonio teranse en conta os datos correspondentes á última declaración fiscal disponible ou pensión coñecida.

#### **ARTIGO 19º PARTICIPACIÓN NO FINANCIAMIENTO DO SERVIZO DAS PERSOAS USUARIAS.**

1. No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

2. Para o resto dos supostos, o Concello establecerá unha regulación progresiva do copagamento do servizo que deberá respectar en todo caso os límites expresados na seguinte escala:

a) As persoas usuarias cunha capacidade económica mensual superior ao 100% e inferior ou igual ao 150% do IPREM, asumirán o 10% do custo do servizo.

b) As persoas usuarias cunha capacidade económica mensual superior ao 150% e inferior ou igual ao 200% do IPREM, asumirán o 12% do custo do servizo.

c) As persoas usuarias cunha capacidade económica mensual superior ao 200% e inferior ou igual ao 250% do IPREM, asumirán o 15% do custo do servizo.

d) As persoas usuarias cunha capacidade económica mensual superior ao 250% e inferior ou igual ao 300% do IPREM, asumirán o 20% do custo do servizo.

e) As persoas usuarias cunha capacidade económica mensual superior ao 300% e inferior ou igual ao 350% do IPREM, asumirán o 28% do custo do servizo.

f) As persoas usuarias cunha capacidade económica mensual superior ao 350% e inferior ou igual ao 400% do IPREM, asumirán o 37% do custo do servizo.

g) As persoas usuarias cunha capacidade económica mensual superior ao 400% e inferior ou igual ao 450% do IPREM, asumirán o 45% do custo do servizo.

h) As persoas usuarias cunha capacidade económica mensual superior ao 450% e inferior ou igual ao 500% do IPREM, asumirán o 60% do custo do servizo.

i) As persoas usuarias cunha capacidade económica mensual superior ao 500% do IPREM, asumirán o 65% do custo do servizo.

3.- Sen prexuízo do establecido no punto anterior, poderán contemplarse excepcións aos criterios xerais nos casos nos que a problemática principal atendida sexa relativa á desestruturación familiar e se procure a protección e integración social de menores de idade en risco de exclusión, mediante resolución motivada do órgano competente para acordar a concesión do servizo, da que en todo caso deberá deixarse constancia no correspondiente expediente.

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAL.**

Primeira.- Facúltase aos servizos sociais municipais, previo informe ao concelleiro delegado e/ou Alcaldía para resolver aquelas cuestións que relacionadas co SAF poidan presentarse, e que non estean recollidas expresamente no presente Regulamento.

Segunda.- Anualmente os servizos sociais municipais realizarán a revisión da situación económica dos usuarios, para os efectos de determinar as posibles variacións na porcentaxe de participación dos mesmos, no financiamento do servizo.

Deste extremo darase conta á Xunta de Goberno Local, quen a proposta da Alcaldía, determinará e actualizará, no seu caso, o prezo do servizo. O que será comunicado, xunto coa nova aportación que delo se derive, se é o caso, a cada usuario.

#### **DISPOSICIÓN DERROGATORIA.**

Queda derogado o Regulamento do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Rábade, publicado no BOP de Lugo nº 128 de data 7 de xuño de 2004.

#### **DISPOSICIÓN FINAL.**

O presente Regulamento surtirá efectos a partir da data da súa publicación íntegra no BOP e manterá a súa vixencia ata que se aprueba a súa modificación ou derogación.

#### **ÍNDICE DE ANEXOS.**

I. SOLICITUDE DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

II. INFORME MÉDICO.

III. BAREMO PARA DETERMINAR A ASIGNACIÓN DO SAF EN RÉXIME DE LIBRE CONCORRENCIA.

IV. INFORME SOCIAL.

V. PROXECTO DE INTERVENCIÓN.

VI. ACORDO DE SERVIZO.

VII. RENUNCIA Á SOLICITUDE.

VIII. RENUNCIA AO SERVIZO.

***ANEXO I.-SOLICITUDE DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO.***

D/D<sup>a</sup>....., Con D.N.I.  
 nº....., Idade..... E.C..... con domicilio en  
 .....  
 tl.....

**SOLICITA:**

A valoración do seu caso para a prestación do Servizo de Axuda no Fogar conforme á Normativa Municipal de aplicación deste Servizo.

**EXPOSICIÓN DE ATENCIÓNS QUE SE SOLICITAN**

- |                            |                                 |
|----------------------------|---------------------------------|
| 1.- Limpeza do fogar       | 7.- Aseo Persoal                |
| 2.- Coidado da roupa       | 8.- Compañía                    |
| 3.-Compras                 | 9.- Cuidados socio-sanitarios   |
| 4.- Preparación de comidas | 10.- Apoio psicosocial          |
| 5.- Actividades Puntuais   | 11.- Actividades socioculturais |
| 6.- Paseo                  | 12.- Preparación de comidas.    |
|                            | 13.- Outras: Especificar        |

Rábade, a .....de.....de 200

***ANEXO II – INFORME MÉDICO***

Recoñecemento efectuado polo Doutor/a D./D<sup>a</sup> .....  
 Colexiado/a nº..... Médico de ..... Localidade.....

Tfno.....

**INFORMA:**

Que recoñecido/a D./D<sup>a</sup> ..... data de nacemento.....

DNI.....

Padece enfermidade infecto-contaxiosa: si   non

En caso afirmativo indicar cal

Diagnóstico, e coidados que precisa

Dificultade para realización de tarefas domésticas, ou actividades da vida diaria.

Datos sanitarios de interese (antecedentes clínicos, alerxias medicamentosas, dieta alimenticia, etc.):

Data.....

Sinatura e selo

**ANEXO III.- BAREMO PARA DETERMINAR A ASIGNACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR EN RÉMIXE DE LIBRE CONCORRENCEIA.**

**FACTOR-1: AUTONOMÍA PERSOAL (MÁXIMO TOTAL 40 PUNTOS).**

O valor asignado en función da falta de autonomía das persoas será o que se deduza da valoración realizada polos órganos oficiais competentes para a valoración da discapacidade e do grao de dependencia.

As persoas dependentes valoradas polo calendario oficial de implantación teñan dereito á prestación pola vía de acceso directo do sistema da dependencia (PIA con posible asignación de servizos de axuda no fogar), non poderán acceder polo sistema de libre concorrenza.

A asignación de valor en función do factor "autonomía persoal" realizarase de acordo coa seguinte táboa:

<b>TÁBOA DE EQUIVALENCIAS PARA A VALORACIÓN DO NIVEL DE AUTONOMÍA PERSOAL</b>								
De 33% a 64% de discapacidade	De 65% a 74% de discapacidade	75% - 100%		81% - 87 %		88% - 93%		94% - 100% Grao de discapacidade en menores de 18 anos sen valoración de ATP ou BVD
		75% - 100% discapacidade e de ata 14 ptos ATP		75% - 100% discapacidade e 15-29 ptos ATP		75% - 100% discapacidade e 30-44 ptos ATP		75% - 100% discapacidade e 45-72 ptos ATP Grao de discapacidade + ATP (RD 1971/1999)
		75% discapacidade e ata 24 ptos. BVD	25-39 ptos BVD	40-49 PTOS BVD	50-64 ptos BVD	65-74 ptos BVD	75-89 ptos BVD	90-100 ptos BVD Grao de discapacidade + ATP (RD 504/2007)
			Grao I Nivel 1	Grao I Nivel 2	Grao II Nivel 1	Grao II Nivel 2	Grao III Nivel 1	Grao III Nivel 2 Situación de dependencia (Decreto 176/2007)
5 pt.	10 pt.	14 pt.	20	24	30	32	38	40

**FACTOR-2: APOIO SOCIAL (máximo total 20 puntos)**

**Puntos**

A persoa vive soa e carece de familiares e/ou redes distintas de apoio (20 puntos).....

A persoa vive soa, carece de familiares e só ten apoio do contorno vecinal ou outras redes (18 puntos).....

A persoa convive con persoa sen capacidade para atendelo (ata 12 puntos):

Cunha persoa maior de 70 anos (3 puntos).....

Cunha persoa con discapacidade ou dependencia (3 puntos).....

Cunha persoa que carece de tempo (3 puntos).....

Cunha incapacidade para organizarse (3 puntos).....

Os familiares néganse a atendelo/a áinda que teñan posibilidades (8 puntos).....

Viven só/soa pero hai familiares con posibilidade de atendelos no mesmo concello ou a menos de 20 km (5 puntos).....

Está ben atendido (0 puntos).....

Total puntos apoio social \_\_\_\_\_

**FACTOR 3: SITUACIÓN FAMILIAR/SOCIALIZACIÓN MENORES (máximo total 20 puntos)**

3.1 Conflicto (máximo total 4 puntos)

Cun membro xerador de conflito de nivel moderado (1 punto)\_\_\_\_\_

Cun membro xerador de conflito de nivel grave (2 puntos)\_\_\_\_\_

Con máis dun membro xerador de conflito de nivel moderado (3 puntos)\_\_\_\_\_

Con máis dun membro xerador de conflito de nivel grave (4 puntos)\_\_\_\_\_

## 3.2 Limitación de rol (máximo total 2 puntos)

Familias nas que ambos proxenitores ou tutores teñan importantes limitacións físicas o psíquicas para proporcionar unha axeitada atención aos menores (2 puntos) \_\_\_\_\_

## 3.3 Monoparentalidade (máximo total 2 puntos)

Familias monoparentais que por distintas circunstancias (saúde, traballo, idade avanzada, ...) non podan atender aos menores (2 puntos) \_\_\_\_\_

## 3.4 Habilidades parentais (máximo total 2 puntos)

Familias con escasas habilidades parentais (carencia de hábitos alimenticios, aseo persoal, administración do orzamento, ausencia de roles, organización..) (2 puntos)

## 3.5 Número de menores (máximo total 10 puntos)

Un menor (3 puntos) \_\_\_\_\_

Dous menores (5 puntos) \_\_\_\_\_

Tres menores (7 puntos) \_\_\_\_\_

Catro ou máis menores (10 puntos) \_\_\_\_\_

**Total puntos situación familiar/socialización menores** \_\_\_\_\_

**FACTOR 4 : OUTROS ASPECTOS SOCIAIS ( máximo total 20 puntos)** \_\_\_\_\_ 

## 4.1 Vivenda (total 10 puntos)

Non hai luz eléctrica (1 punto) \_\_\_\_\_

Non hai auga corrente (1 punto) \_\_\_\_\_

Non posúe WC (1 punto) \_\_\_\_\_

Non posúe cuarto de baño completo(1 punto) \_\_\_\_\_

Non ten neveira(1 punto) \_\_\_\_\_

Non ten quentador (1 punto) \_\_\_\_\_

Non ten lavadora(1 punto) \_\_\_\_\_

Non reúne condicións mínimas de hixiene/ habitabilidade (1 punto) \_\_\_\_\_

Existen barreiras arquitectónicas no interior da vivenda (1 punto) \_\_\_\_\_

Existen barreiras arquitectónicas no exterior da vivenda (1 punto) \_\_\_\_\_

## 4.2 Integración no contorno (total 10 puntos)

Situación de illamento ou de rexeitamento (10 puntos) \_\_\_\_\_

Ausencia de relación socials (6 puntos) \_\_\_\_\_

Existen escasas relacións coas persoas do contorno (4 puntos) \_\_\_\_\_

Integración axeitada no contorno(0 puntos) \_\_\_\_\_

**Total puntos outros aspectos sociais** \_\_\_\_\_

**TOTAL XERAL** \_\_\_\_\_

***ANEXO IV.- INFORME SOCIAL.***

Expediente nº.....

Data.....

**1. DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO SOLICITANTE E UNIDADE FAMILIAR**

<u>Nome e apelidos</u>	<u>DNI</u>	<u>Domicilio</u>	<u>Nacemento</u>	<u>EC</u>	<u>Profesión</u>
------------------------	------------	------------------	------------------	-----------	------------------

**2. CARACTERÍSTICAS DA UNIDADE CONVIVENCIAL****3. RELACIÓN CO ENTORNO.****4. SITUACIÓN ECONÓMICA DA UNIDADE DE CONVIVENCIA.****5.CARACTERÍSTICAS DA VIVENDA**

-Réxime de tenza.

-Condicións de habitabilidade:

-Condicións de equipamento:

-Barreiras arquitectónicas:

**6.NECESIDADES DETECTADAS.****7.PUNTUACIÓN OBTIDA NA APLICACIÓN DO BAREMO.****8.PROPOSTA VALORADA DE RESOLUCIÓN:****9.CONDICIÓN DO SERVIZO:**

Horario:

Tarefas:

Achega económica do beneficiario:

Rábade, a .....de.....de 200

Asdo.:A traballadora social.

Colexiada nº.....

***ANEXO V - PROXECTO DE INTERVENCIÓN***

1.- Datos de Identificación do Expediente.

<u>Nº de expediente</u>	<u>Intervención nº</u>	<u>Data de solicitud</u>	<u>Data inicio</u>
<u>Sector de referencia</u>	<u>Ámbito de atención</u>	<u>Nº total de usuarios/as</u>	
<u>Nome e apelidos</u>	<u>Data nacemento</u>	<u>DNI</u>	<u>Sexo</u>
<u>Proxecto</u>	<u>Data do proxecto</u>	<u>Data de fin do proxecto</u>	

Antecedentes relevantes:

2. Atención que se prestará.

Días da semana

L	M	X	J	V	S	D	Nº de horas semanais	Horario

Tipo de Servizo a prestar:

Perfil dos profesionais:

Outros servizos:

3. Existencia doutros Servizos/Apoios prestados a Domicilio

Existencia.

Servizos e apoios.

Nº de horas semanais:

4. Obxectivos específicos e tarefas que se propoñen.

Obxectivos do servizo proposto:

Tarefas que se realizarán:

5. Periodicidade do seguimento (mínimo bimensual)

Técnico responsable

Asdo.:

Reunidos en Rábade o día ....., dunha parte  
don/dona.....  
.....con DNI nº....., e doutra  
.....en calidad de  
técnico responsable do servizo de axuda no fogar de Rábade,

ACORDAN:

1. Que o Concello de Rábade, ou entidade prestadora, prestará o servizo de axuda no fogar, á persoa arriba citada, dende o día.....
2. Que a prestación do SAF se realizará por un prazo de....., con posibilidade de prórroga segundo valoración técnica do Departamento de Servizos Sociais deste Concello.
3. Que o SAF se levará a cabo os días da semana.....en horario de .....por un total de .....horas semanais.

4. Que atendendo á Orde do 22 de xaneiro de 2009 que regula o SAF , a Ordenanza Fiscal municipal que regula as taxas do SAF, e á aplicación do baremo que corresponde, a persoa usuaria comprométese a aportar.....euros mensuais en contribución ao custo do servizo.

5. Que de acordo co proxecto de intervención establecido para o caso, as actividades que se fixan inicialmente para o desenvolvemento do SAF son as seguintes

Atencións de carácter persoal

Atencións de carácter de apoio psicosocial

Atencións de carácter doméstico

Atencións de carácter socioeducativo

Atencións de carácter técnico e complementario

Outras:.....

6. Que as tarefas que se fixan inicialmente para o desenvolvemento do SAF, e que serán levadas a cabo polo persoal auxiliar do servizo serán as seguintes:

7. Que así mesmo , a persoa usuaria, a súa familia ou persoas achegadas se comprometen a levar a cabo as seguintes tarefas:  
.....  
.....  
.....

8. Que as modificacións que puidese haber nas condicións inicialmente estipuladas neste acordo deberán ser recollidas nun documento novo asinado pola persoa usuaria e a persoa responsable do SAF, sendo anexadas ao acordo orixinal.

9. Que o servizo se prestará atendendo ás condicións regulada na Orde do 22 de xaneiro de 2009, que regula o servizo de axuda no fogar, e na ordenanza municipal sobre o SAF, onde están recollidos os dereitos e obrigas do usuario/a, baixas temporais e causas de extinción.

Ambas as partes dan a súa conformidade a este acordo de prestación do SAF, e asínano.

Rábade.....,de.....de 20

A persoa usuaria

O técnico responsable.

**ANEXO VII.-MODELO DE RENUNCIA Á SOLICITUDE**

SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO
Nº de Expte.:

D./D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_, maior de  
idade, veciño de \_\_\_\_\_ domiciliado na rúa  
\_\_\_\_\_, nº \_\_\_\_\_, piso \_\_\_\_\_, teléfono  
\_\_\_\_\_ Nº D.N.I. \_\_\_\_\_, data  
expedic.D.N.I. \_\_\_\_\_ obrando en (1) \_\_\_\_\_  
a V.S. expón:

Que tendo solicitado o servizo social de Axuda a Domicilio,  
dependente do Departamento de Servizos Sociais deste Concello en data  
\_\_\_\_\_, e non estando interesado no mesmo, renuncio á referenciada  
Axuda, poñéndoo en coñecemento dese Departamento para que se acorde conforme ó  
manifestado.

Polo que roga a V.S. que, previos os trámites correspondentes, se digne aceptala.

Rábade, a ..... de ..... de ....

Sr. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE RÁBADE (LUGO)

**ANEXO VIII.- MODELO DE RENUNCIA Ó SERVIZO**

SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO
Nº de Expte.:

D./D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_

maior de idade, veciño de \_\_\_\_\_ domiciliado na rúa  
\_\_\_\_\_, nº \_\_\_\_, piso \_\_\_\_, teléfono  
\_\_\_\_\_ Nº D.N.I. \_\_\_\_\_, data  
expedic.D.N.I. \_\_\_\_\_ obrando en (1) \_\_\_\_\_  
a V.S. expón:

Que veu sendo beneficiario (a) do servizo de Axuda a Domicilio, dependente do Departamento de Servizos Sociais deste Concello desde \_\_\_\_\_ ata a data, e non estando interesado (a) en seguir beneficiándose do mencionado servizo, renuncia á referenciada Axuda, poñéndoo en coñecemento dese Departamento para que se acorde conforme ó manifestado.

Polo que roga a V.S. que, previos os trámites correspondentes, se digne aceptala.

Rábade, a ..... de ..... de....

Sr. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE RÁBADE (LUGO).

**ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) DO CONCELLO DE RÁBADE.**

**Art. 1.- Concepto.**

De conformidade co previsto no artigo 127 en relación co 41 do Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece o prezo público pola prestación do servizo público municipal de axuda no fogar do Concello de Rábade, cunha prestación que ven establecida na regulamentación do mesmo.

**Art. 2.- Obrigados ó pago.**

Están obrigados ó pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza os que se beneficien da prestación do servizo de axuda no fogar. Para ser beneficiario do mesmo estarase ó establecido no Regulamento do Servizo de Axuda no Fogar.

A obriga de pagamento nace dende o momento en que se inicie a prestación do servizo.

**Art. 3.- Contía.**

1.- A contía do prezo público regulado nesta ordenanza fixarase de conformidade coas porcentaxes contidas no apartado seguinte. A súa determinación ou liquidación realizarase no momento do inicio da prestación do servizo polo órgano competente, previo informe do/a traballador/a social.

2.- O importe do prezo público regulado na presente ordenanza determinarase mediante a aplicación das seguintes porcentaxes sobre o custo total por hora do servizo:

**Renda aportación do usuario.**

Igual ou inferior o 100% do IPREM: Exento.

Superior ó 100% e que non excede do 150% do IPREM 10% do custo da hora.

Superior ó 150% e que non excede do 200% do IPREM 12% do custo da hora.

Superior ó 200% e que non excede do 250% do IPREM 15% do custo da hora.

Superior ó 250% e que non excede do 300% do IPREM 20% do custo da hora.

Superior ó 300% e que non excede do 350% do IPREM 28% do custo da hora.

Superior ó 350% e que non excede do 400% do IPREM 37% do custo da hora.

Superior ó 400% e que non excede do 450% do IPREM 45% do custo da hora.

Superior ó 450% e que non excede do 500% do IPREM 60% do custo da hora.

Superior ó 500% do IPREM 65% do custo da hora.

**Renda:** Capacidad económica calculada segundo o disposto no artigo seguinte.

**IPREM= Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples.**

3.- A cuantificación do prezo da hora do servizo fixase en nove euros (9 euros) incrementándose anualmente segundo porcentaxe de aumento do IPREM.

4.- O prezo que deberá aboar cada mes o usuario será o resultante de aplicá-las porcentaxes que figuran nas anteriores táboas, correspondentes á aportación do usuario, sobre a contía que resulte da multiplicación do prezo/hora do servizo polo número de horas mensuais do mesmo concedidas ó usuario.

Ós efectos de establecer unha contía fixa tódolos meses para o cálculo de horas mensuais multiplicarase as horas semanais concedidas x 4,34.

É dicir nº de horas mensuais = número de horas semanais x 4,34.

**Art. 4. Determinación da capacidade económica das persoas usuarias do servizo.**

1. Para os efectos deste artigo considérase persoa usuaria aquela para a que se solicite o servizo. No caso de intervención con familias, entenderase como persoa usuaria a un dos membros adultos da unidade de convivencia responsables dos menores que formen parte dela.

2. A capacidade económica das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar calcularase en atención a súa renda e, se é o caso, ao seu patrimonio. Teranse en conta, ademais, as persoas convivientes economicamente dependentes, de acordo co establecido nos parágrafos seguintes.

3. A renda valorarase atendendo aos ingresos netos que se perciban, que comprenderán os rendementos de traballo, incluídas pensións e prestacións de previsión social, calquera que sexa o seu réxime; os rendementos de capital mobiliario e inmobiliario; os rendementos das actividades económicas e as ganancias e perdidas patrimoniais.

4. Para o cómputo do patrimonio estarase ao disposto na normativa fiscal en vigor sobre o patrimonio, entendéndose por tal o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexa titular a persoa usuaria do servizo, con dedución das cargas e gravames que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das que deba responder. Consideráranse exentos do cómputo a vivenda habitual na que se preste o servizo e os bens e dereitos cualificados como exentos na normativa aplicable sobre o imposto do patrimonio. Nos supostos de co-titularidade, só se terá en consideración a porcentaxe correspondente á propiedade do beneficiario.

5. No caso de que a persoa usuaria tivese cónxuge ou parella de feito as rendas de ámbolos dous terán a consideración de rendas computables, entendéndose neste caso por renda persoal a metade da suma dos ingresos de ámbolos dous membros da parella.

6. A capacidade económica por razón de renda determinarase dividindo a renda ou rendas computables, de acordo co apartado anterior, entre a suma dos

seguintes conviventes: O perceptor ou perceptores de rendas computadas e, se é o caso, o cónxuge e os ascendentes ou fillos/as menores de 25 anos, ou maiores desta idade en situación de discapacidade, que dependesen economicamente dos citados perceptores.

7. A capacidade económica resultante será a correspondente á renda da persoa usuaria, calculada de acordo cos apartados anteriores, modificada á alza, se fose o caso, pola suma dun 5% do valor do patrimonio neto que supere o mínimo exento para a realización da declaración do imposto sobre o patrimonio en vigor a partir dos 65 anos de idade, dun 3% dos 35 aos 65 anos e dun 1% os menores de 35 anos.

8. Para o cómputo da renda ou do patrimonio teranse en conta os datos correspondentes a última declaración fiscal disponible ou pensión coñecida.

9. Os Servizos Sociais do Concello establecerán os mecanismos de revisión anual para a actualización da información relativa á capacidade económica das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar.

#### Art. 5.- Normas de xestión.

1.- As cantidades esixibles de acordo coas tarifas liquidaranse mensualmente polo Concello.

2.- O pago do prezo público realizarase polos obrigados ó mesmo mediante domiciliación bancaria ou ingreso en contas do Concello.

#### Art. 6.- Obrigación de pago.

1.- A obriga de paga-lo prezo público por parte do beneficiario nace dende o día en que se inicie a prestación do servizo de axuda no fogar, liquidándose aquel

con periodicidade mensual e prorrataéndose o seu importe cando se líquiden meses incompletos.

Descontaranse das liquidacións mensuais aquelas horas non prestadas por causas imputables ó Concello e aquellas que, imputables ó beneficiario, non houberan podido prestarse por causas debidamente xustificadas e documentalmente acreditadas.

2.- A primeira liquidación, ou posterior na que se modifiquen os seus elementos esenciais, seralle notificada ó interesado.

As sucesivas liquidacións serán entregadas á entidade bancaria onde se encontre domiciliado o pagamento ou recolleranse no propio Concello, debendo efectuarse o pagamento nos primeiros dez días naturais do mes seguinte ó que sexa obxecto de liquidación.

3.- As débedas do prezo público regulado nesta ordenanza poderanse esixir polo procedemento administrativo de constrinximento en caso de impago por parte do beneficiario en período voluntario.

#### DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza entrará en vigor e producirá efectos a partir da data da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorrido o prazo a que se refire o artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das Bases de Régime Local, e manterá a súa vixencia ata que se apruebe a súa modificación ou derogación

Rábade, a 28 de agosto de 2009.- O Alcalde, Francisco Xosé Fernández Montes.

R. 04809

## MINISTERIO DE TRABAJO E INMIGRACION

### Tesorería General de la Seguridad Social

Dirección Provincial de Lugo

Subdirección Vía Ejecutiva

### *EDICTO DE NOTIFICACION DE LA PROVIDENCIA DE APREMIO A DEUDORES NO LOCALIZADOS*

El Jefe de la Unidad competente de la Tesorería General de la Seguridad Social, respecto de los sujetos responsables que figuran en la relación adjunta, por deudas a la Seguridad Social cuya cuantía total asciende a la cantidad que asimismo se indica en la citada relación, ha dictado la siguiente:

**PROVIDENCIA DE APREMIO:** En uso de la facultad que me confiere el artículo 34 de la Ley General de la Seguridad Social, aprobada por Real Decreto Legislativo 1/1994, de 20 de junio (B.O.E. 29-6-94) y el artículo 85 del Reglamento General de Recaudación de la Seguridad Social, aprobado por Real Decreto 1.415/2004, de 11 de junio (B.O.E. 25-06-04), ordeno la ejecución contra el patrimonio del deudor.

Por haber resultado infructuosas las gestiones tendentes a la determinación del actual domicilio del deudor, procede practicar la notificación de la providencia de apremio, conforme prevé el artículo 59.4 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y de Procedimiento Administrativo Común, mediante la publicación del presente anuncio en el tablón de edictos del Ayuntamiento del último domicilio conocido del deudor y en el Boletín Oficial correspondiente.

La presente notificación se publica con el fin de requerir al deudor para que efectúe el pago de la deuda en el plazo de QUINCE DÍAS naturales ante la correspondiente Unidad de Recaudación Ejecutiva, con la advertencia de que en caso contrario serán exigibles los intereses de demora devengados desde la finalización del